Curso 2017-2018

Reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato (convocatoria ordinaria)

De acordo coa **CIRCULAR Nº2/2018 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se desenvolve a Orde do 22 de abril de 2010, pola que se establece o procedemento que cómpre seguir nas reclamacións das cualificacións outorgadas no segundo curso do bacharelato establecido na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, para o curso 2017-2018,** as reclamacións ás cualificacións de 2º de Bacharelato presentaranse de acordo co seguinte procedemento e calendario:

1. Os boletíns coas cualificacións finais de segundo de bacharelato serán entregados polos titores ou titoras **o día 22 de maio ás 12.00 h. (Quenda Ordinaria) e 17.00 (Quenda de Adultos),**

2. O/A alumno/a que estea disconforme coa cualificación obtida poderá consultar ao profesor ou profesora da materia correspondente**, ese mesmo día 22 de maio.**

3. O/A alumno/a que non estiver de acordo coas explicacións recibidas polo profesor ou profesora da materia poderá presentar nas oficinas do instituto (en horario de 9.00 a 14.00 h.) unha instancia dirixida á Dirección do centro, solicitando que o Departamento correspondente revise a súa cualificación. O prazo para a presentación da instancia comeza **o día 23 e remata 24 de maio ás 14:00 horas.**

4. O alumnado que solicite que o Departamento revise a súa cualificación, recollerá a resolución correspondente **o día 25 de maio, entre as 10.00 e as 12.00 h.**, nas oficinas **do instituto**

5. De non estar conforme coa resolución do Departamento, poderá solicitar que a dirección remita o expediente de reclamación á presidenta da Comisión de supervisión, presentando unha nova instancia nas oficinas do centro **o día 25 de maio, (de 12.00 a 14.00) e o día 28, luns, de 9.00 a 12.00 h.**

NOTA IMPORTANTE: Non se terán en conta aquelas instancias que non estean baseadas nos criterios establecidos na circular arriba indicada.

Santiago, a 3 de maio de 2018

XUNTA DE GALICIA
I.E.S. "Arzobispo Xelmírez I" - SANTIAGO
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN

Manuel Portas Fernández

Director do IES "A. Xelmírez I",